



ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 23 de novembro de 2015
HORA DE COMEZO: 19:15 h.
HORA DE REMATE: 19:35 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D^a Mercedes Giráldez Santos.

SUPLENTE: D^a Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 16 de novembro de 2015.

URBANISMO E PATRIMONIO

**2º.- INFORME DA OFICINA DE REHABILITACIÓN S/FINAIS DE OBRA
DAS ACTUACIÓNS REHABILITADAS DO CASCO HISTÓRICO DE
CANGAS (11ª FASE)**

Este punto foi retirado da orde do día.

3º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL DO DÍA 27.10.15, RELATIVO A ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO ANTIGO E ZONA AMPLIADA DE CANGAS (PONTEVEDRA). COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016, ANUALIDADE 2015

Dáse conta de escrito do INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, ao que achegan, debidamente asinado, o Acordo da Comisión Bilateral realizada o día 27 de outubro de 2015, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do casco antigo e zona ampliada de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura do Acordo da Comisión Bilateral realizada o día 27 de outubro de 2015, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do casco antigo e zona ampliada de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

4º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE CESIÓN TEMPORAL DE PREDIOS AO CONCELLO DE CANGAS SITAS NA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 5-POLÍGONO 1 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO CONCELLO

Dáse conta da sinatura de convenio asinado o día 26.10.15, entre o Concello de Cangas e a entidade mercantil "Ponte do Río Bouzós, S.L.", para regular o uso en precario por parte do Concello de Cangas dos predios, sitos en Cangas, que resultan identificados co número P-1 no plano achegado a este convenio, por situarse na Unidade de Actuación nº 5, Polígono 1 das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura de convenio, entre o Concello de Cangas e a entidade mercantil "Ponte do Río Bouzós, S.L.", para regular o uso en precario por parte do Concello de Cangas dos predios, sitos en Cangas, que resultan identificados co número P-1 no plano achegado a este convenio, por situarse na Unidade de Actuación nº 5, Polígono 1 das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

FACENDA

5º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 819/2006 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 4350/2003

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 19.11.15, referente a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4350/2003, que é como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 819/2006 DE 21.09.2003 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 4350/2003 (X-03/10)

Vista a Sentenza nº 819/2006, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario nº 4350/2003, instruído a instancia da mercantil ‘SERAGUA FCC UTE’ (agora: ‘UTE AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.’) pola que se condena a este concello a aboarlle á reclamante a cantidade de SEISCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS (696.452,07 €) en prazos lineais mensuais durante un período de 10 anos.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (69.645,21 €), en concepto de principal correspondente ao exercicio 2015, a favor de ‘AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. UTE’, co CIF nº U36768927, con cargo á aplicación nº161-22699 do vixente orzamento municipal.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4350/2003.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.11.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** BAIXA do SAF pola quenda de dependencia polo seu traslado para Bueu de:*

- M. R. G., co D N I nº 76 803 786-R, expediente 36008/01/000610-PO/OOH749.*
- M. R. G., co D N I nº 35 272 171-S, expediente 36008/01/000610-48221.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do 18 de novembro de 2015, relativa á concesión de axudas de emerxencia social, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por J. R. M. B., con DNI nº 53863488H, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica de SETECENTOS VINTE E CATRO EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (724,21 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

8º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

8.A) SOLICITUDE DE R. S. M. PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 11.11.15 por R. S. M., na que solicita a ocupación de vía pública coa instalación de un posto de venda ambulante para venda de churros, nunha superficie de 6,00 m2., durante o período que vai desde o mes de decembro do ano que andamos ata a primeira quincena de xaneiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización á Sra. S. M., para a ocupación de vía pública coa instalación de un posto de venda ambulante para venda de churros, nunha superficie de 6,00 m2., a situar, no lugar da Alameda Nova-Xardíns do Señal, que lle indique a Policía Local, durante o período que vai desde o mes de decembro do ano que andamos ata a primeira quincena de xaneiro de 2016.

SEGUNDO.- A presente autorización condiciónase ao pagamento das taxas correspondentes por ocupación de vía pública que lle liquide a oficina municipal de xestión de ingresos.

8.B) SOLICITUDE DE I. M. R. S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE EXPOSICIÓN-DESFILE

Vista a solicitude presentada o día 21.10.15 por I. M. R., na que solicita a ocupación de vía pública para a realización de unha exposición-desfile relacionada coa temática de vodas, na zona da Praza do Arco, desde as 16:00 ata as 19:00 horas do día 12 de decembro do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización á Sra. M. R., para a realización de unha exposición-desfile relacionada coa temática de vodas, na zona da Praza do Arco, desde as 16:00 ata as 19:00 horas do día 12 de decembro do ano que andamos.

SEGUNDO.- A presente autorización condiciónase a que cando remate o evento se deixe a zona nas mesmas condicións que está na actualidade.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE DECLARACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada da seguinte comunicación previa de actividades:

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.875/15.- "PEFREI, S.L.", hotel na Avda. de Pontevedra, n° 4-San Roque-Darbo.

B) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA S/RECOPIACIÓN DE REGULAMENTOS E ORDENANZAS MUNICIPAIS

Dáse conta de proposta do día 19.11.15 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a recopilación de regulamentos e ordenanzas municipais, que di o seguinte:

"Héitor Mera Herbello, en calidade de concelleiro de cultura e normalización lingüística, PROPÓN:

Perante a Xunta de Goberno Local que se adopte o acordo seguinte:

** Que se adopten as medidas oportunas para que se poidan localizar todos os regulamentos e ordenanzas municipais, para a súa posterior dixitalización e así poder publicalos na páxina web do Concello de Cangas."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

C) FALECIMENTO DE CARLOS OROZA, POETA E VECIÑO DE CANGAS

O máximo expoñente da poesía galega, Carlos Oroza, finou o día 21 de novembro en Vigo aos 92 anos. O mestre único, libre, rebelde e creativo, era un dos mellores autores do xénero a nivel nacional. Diferente e heterodoxo, foi un grande das letras contemporáneas, un autor libre e rebelde, cun estilo propio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda transmitir as condolencias polo falecemento de Carlos Oroza, un dos mellores autores de poesía contemporánea a nivel nacional.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente